

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 10 de febreiro de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU301C).

BDNS (Identif.): 888994.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/888994>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias os concellos e as entidades locais menores responsables de sistemas de abastecemento que teñan unha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento das auditorías de abastecemento para minimizar as perdas de auga, e convocar estas subvencións para o ano 2026 (código de procedemento AU301C).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 10 de febreiro de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de



actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento AU301C).

Cuarto. *Importe*

As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €), aplicación orzamentaria 06.82.542B.760.00.

O importe das subvencións será do 100 % do investimento subvencionable, co límite máximo de dez mil euros (10.000,00 €) por solicitude, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), ata esgotar o crédito previsto nesta resolución de convocatoria.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 6 de marzo de 2026 e rematará ás 14.00 horas do día 31 de xullo de 2026.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

